Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluirá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011; aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, procedería que que polo Órgano de Contratación, se adoptasen os seguintes acordos:

Declarar de emerxencia a execución da obra de O CORGO.- substitución de obra de paso no P.K. 7+800 da estrada LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”, como consecuencia das incidencias de afundimento, producidas na amentada obra de paso, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 299.579,00 euros.

De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 299.579,00€, o cal prestou a súa conformidade.

As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (articulo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de O CORGO.- substitución de obra de paso no P.K. 7+800 da estrada LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”, como consecuencia das incidencias de afundimento, producidas na amentada obra de paso, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 299.579,00 euros.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 299.579,00€, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse á súa terminación mediante relación valorada (articulo 179 do RXLCAP), para o cal, o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: "Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación … indicando ademais: "En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos".

Pola dirección técnica con data 15 de xullo de 2019, trasladase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descriptiva da execución da obra indicada.

No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por "cuenta justificativa", refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta

de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.

Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 15 de marzo de 2019, no apartado terceiro do acordo di que "As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada (Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal , o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepeción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)"; acordo que así figura na valoración definitiva das obras.

O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala "... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, "realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado."

A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 230.870,54€, dos cales 40.068,44€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 230.870,54€, dos cales 40.068,44€ corresponden ao IVE.

2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Baleira, Friol, Ourol E Xermade no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único De Cooperación Cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018, acordouse a aprobación das Bases do Plan Único De Cooperación Cos ConcelloS 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese "As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello …".

Segundo o establecido na base 18, "Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)".

O Plan Único De Cooperación Cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello De Baleira

O Concello de Baleira presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
13	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO ÓS NÚCLEOS DE VILELA, SURRIBA, CASANOVA, PERRELOS E TOUZÓN, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	14.465,04€

Así mesmo, por escrito de data 12 de xullo de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 **“ ...** na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican*:*

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DE CAMIÑO EN SAN ROMÁN-RETIZÓS	1531 76255	14.465,04€	--	14.465,04€

Concello de Friol

O Concello de Friol presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
100	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A ROSENDE, DEVESA, VILLALVITE, PURREIRA, MIRAZ, VILLADAR E FERREIRA, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	32.985,76€
101	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A MONTECELOS, LEA, CASFERRO E A CASANOVA, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	29.937,82€

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 25 de xaneiro de 2019, os remanentes producidos nestas actuacións foron adicados ao financiamento da obra que se sinala polos importes que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
PAVIMENTACIÓN DE VIAS NAS PARROQUIAS DE FRIOL, NARLA E OUSÁ: CARRIL DO PORTOVELLO E ACCESO A AGRO DA PONTE, CARRIL DO FORNO, ACCESO EN REIGOSA 1, ACCESO EN REIGOSAS 2; ACCESO EN A ESPIÑEIRA E ACCESO LOURIDO-REQUEIXO, INCLUÍDOS HONORARIOS	2018 1531 762	62.923,56€	0,00€	62.923,56€

O devandito Concello presentou Anexo III desta obra incluída no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

IDENTIFICACIÓN		APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
REM	PAVIMENTACIÓN DE VIAS NAS PARROQUIAS DE FRIOL, NARLA E OUSÁ: CARRIL DO PORTOVELLO E ACCESO A AGRO DA PONTE, CARRIL DO FORNO, ACCESO EN REIGOSA 1, ACCESO EN REIGOSAS 2; ACCESO EN A ESPIÑEIRA E ACCESO LOURIDO-REQUEIXO, INCLUÍDOS HONORARIOS	2018 1531 762	9.040,27€

Así mesmo, por escrito de data 28 de xuño de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 **“ ...** na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións

inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPARACIÓN DE PAVIMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A GULDRIZ DE ARRIBA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531 76255	9.040,27€	--	9.040,27€

Concello De Ourol

O Concello de Ourol presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
172	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A CADAVOSA, COLVIÑOS, ESCOURIDO, PENABADE, O CARRUSCO, SABUCEDO, MONTOUTO, A FURADA, GRANDAL, A COSTA DE ARRIBA, ATIÁN, AS CONFURCAS-A LAXE-O CAL E AS LAXES, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	34.940,70€

Así mesmo, por escrito de data 04 de xullo de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 **" ...** na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…" nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
CONSTRUCION DE BADENES REDUCTORES DE VOLCIDADE EN MERILLE E REPARACIÓN E MANTEMENTO DE ACCESOS EN BURGÁS, CERNADO, OUROL E POUSADOIRO-FOLGOSO	1531 76255	34.940,70€	19.322,15€	54.262,85€

Concello de Xermade

O Concello de Xermade presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
309	SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO EN XERMADE, INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1650 762	12.227,05€

Así mesmo, por escrito con de data 16 de xullo de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 **" ...** na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…" nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO EN XERMADE,	1650 76255	12.227,05€	--	12.227,05€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2018, "Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial…".

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Baleira, Friol, Ourol e Xermade e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento/s que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

IDENTIFICACIÓN	CONCELLO	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DE CAMIÑO EN SAN ROMÁN-RETIZÓS	BALEIRA	1531 76255	14.465,04€	--	14.465,04€
REPARACIÓN DE PAVIMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A GULDRIZ DE ARRIBA, INCLUÍDO HONORARIOS	FRIOL	1531 76255	9.040,27€	--	9.040,27€
CONSTRUCION DE BADENES REDUCTORES DE VOLCIDADE EN MERILLE E REPARACIÓN E MANTEMENTO DE ACCESOS EN BURGÁS, CERNADO, OUROL E POUSADOIRO-FOLGOSO	OUROL	1531 76255	34.940,70€	19.322,15€	54.262,85€
SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO EN XERMADE,	XERMADE	1650 76255	12.227,05€	--	12.227,05€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITO DA ALCALDÍA DOS CONCELLOS DE : O PÁRAMO SOLICITANDO PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS; E SAMOS SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO, INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de O Páramo e Samos no que solicitan prórroga para poder executar e xustificar investimentos e o programa de Fomento de Emprego, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

O Plan Único De Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído, polos concellos indicados os investimentos e actuacións sinaladas.

Nas devanditas bases (BASE 21) estableceuse, no relativo á xustificación dos investimentos "... todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno".

No relativo ao programa de fomento do emprego, indícase "... sendo a data límite de vencemento do programa o 30 de setembro de 2019. A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación, na data límite do 15 de outubro de 2019 a conta xustificativa ..."

As Alcaldías dos concellos indicados, solicitan unha prórroga para executar/xustificar investimentos e programa de fomento do emprego, polos motivos e prazos que se sinalan nos apartados seguintes:

Concello de Páramo (O):

O concello de O Páramo incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

PÁRAMO (O)	195	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN CON FORMIGÓN EN PIÑEIRO, VIGO DE FRIOLFE E GRALLÁS, (segundo coordenadas UTM)					
		FINANCIACIÓN	22.235,64	0,00	22.235,64			X

A Alcaldía do Concello de O Páramo, a través de escrito de data 24 de xullo de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ..as obras se están executando, e coa previsión de que na data límite ... todos os investimentos que forman parte deste proxecto non sexa posible que se rematen..." ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
PÁRAMO (O)	PAVIMENTACIÓN CON FORMIGÓN EN PIÑEIRO, VIGO DE FRIOLFE E GRALLÁS, (segundo coordenadas UTM)	195	15-11-2019	30-11-2019

Concello de Samos

O concello de Samos destinou, ao abeiro do Plan único 2018, para o programa de Fomento do Emprego, a cantidade de 73.481,92€.

A Alcaldía do Concello de Samos, a través de escrito de data 26 de xuño de 2019, solicita unha concesión dunha prórroga do prazo máximo establecido, para a execución das contratacións, de xeito que o mesmo quede establecido no 20 de novembro de 2019, constando xustificación na que indica "... por distintos motivos non foi posible realizar a contratación dos catro peóns ata o 21 de xaneiro de 2019, de forma que os 10 meses de duración rematarían o 20 de novembro..."; ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	PROGRAMA	PRAZO CONTRATACIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
SAMOS	FOMENTO DO EMPREGO	20-11-2019	30-11-2019

Neste sentido, consta incorporado ao expediente, informe favorable da Xefa da Sección de Promoción Económica e Emprego, conformado pola Deputada, en funcións, da área de promoción económica e social, de data 28 de xuño de 2019.

Tendo en conta as solicitudes das Alcaldías dos concellos indicados, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente e o informe favorable da área de Promoción Económica e Social, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, aplicando, no caso do programa de fomento do emprego, analoxicamente, o establecido na base 21 das bases reguladoras do Plan único 2018, "... excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno".

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala "… la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos…". Así mesmo, no apartado 3 deste mesmo artigo, indica "… la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo ya vencido". Neste caso o prazo para executar as actuacións vence o 30/09/2019 e o de presentar a xustificación vence o 15-10-2019, non se atopa polo tanto, vencido ningún deles.

Debe ponderarse, para resolver a petición do Concello, a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión das prórrogas, aos amentados Concellos, para executar e xustificar as actuacións indicadas incluídas no plan provincial único 2018, ata os prazos solicitados.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de O Páramo e Samos, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos e programa de fomento do emprego, nos termos indicados.

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
PÁRAMO (O)	PAVIMENTACIÓN CON FORMIGÓN EN PIÑEIRO, VIGO DE FRIOLFE E GRALLÁS, (segundo coordenadas UTM)	195	15-11-2019	30-11-2019

CONCELLO	PROGRAMA	PRAZO CONTRATACIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
SAMOS	FOMENTO DO EMPREGO	20-11-2019	30-11-2019

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- CORRECCIÓN ERRO NA PROPOSTA, E POLO TANDO NO ACORDO XUNTA DE GOBERNO DE DATA 31 DECEMBRO DE 2018, RELATIVO Á CONTRATACIÓN DA OBRA DE TRABADA.- ADAPTACIÓN DA COCIÑA DA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo ao contrato menor da obra indicada, no que entre outros conten o seguinte:

"Polo Servizo de Contratación emitiuse informe e elevouse Proposta de Resolución, de data 31 de decembro de 2018, relativa á aprobación do Contrato menor CM023OB18, TRABADA.- Adaptación de Cociña da Residencia e Centro de Día, na que se indicaba un

"...importe de adxudicación de 39.950,68€ aos que se engadirán 8.389,64€ de IVE, o que ascende a un total de 48.340,32€ ...".

Revisado o expediente, obsérvase que no relativo ás obras a realizar nas Residencias ou centros de día, o artigo 91 da Lei 37/1992, do IVE, establece que este tributo se esixirá ao tipo impositivo do 10% ás execucións das obras consecuencia dos contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación de edificacións ou partes das mesmas destinadas principalmente a vivendas, incluídos os anexos, garaxes, instalacións e servizos complementarios en eles situados.

Consta no expediente, ademais, informa da Intervención, de data 24 de xuño de 2019, que na súa parte conclusiva indica " ... o contrato de adaptación de cociña da residencia e centro de día de Trabada, tributará ao tipo reducido do 10% e cumpre os requisitos para aplicación do mecanismo de inversión do suxeito pasivo".

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derrogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentencia do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: "los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa"

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostuvo que "Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina "errores obstativos", que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (in re, in persona, in causa) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado"

Argumentos todos eles, coherentes coa modificación que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do acordo aos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao aplicar o tipo impositivo.

O Contrato menor da obra indicada foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno, en virtude do Decreto da Presidencia de data 28 de decembro de 2018, no que se delegaba, entre outras "... expedientes de contratación e adxudicación de obras,..."

A vista do anterior, informase favorablemente a corrección do acordo da Xunta de Goberno de data 31 de decembro de 2018, no sentido que:

Onde se indica: ... á mercantil COMERCIAL JELU SL, por importe de 39.950,68€ aos que se engadirán 8.389,64€ de IVE, o que ascende a un total de 48.340,32€ ...".

Debería dicirse "... adxudicar á mercantil COMERCIAL JELU SL, por importe de 39.950,68€ aos que se engadirán 3.995,07€ de IVE, o que ascende a un total de 43.945,75€. Non obstante aplicarase a esta contratación, a doutrina de inversión de suxeito pasivo, consonte ao establecido no artigo 84.un.s da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre valor engadido.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erro referenciada, de tal xeito que:

Onde se indica: ... á mercantil COMERCIAL JELU SL, por importe de 39.950,68€ aos que se engadirán 8.389,64€ de IVE, o que ascende a un total de 48.340,32€ ...".

Debería dicirse "... adxudicar á mercantil COMERCIAL JELU SL, por importe de 39.950,68€ aos que se engadirán 3.995,07€ de IVE, o que ascende a un total de 43.945,75€. Non obstante aplicarase a esta contratación, a doutrina de inversión de suxeito pasivo, consonte ao establecido no artigo 84.un.s da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre valor engadido".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Antecedentes.

Visto o informe xurídico - administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Incoase expediente administrativo, coa finalidade de proceder á contratación do servizo de control de calidade na execución das obras e servizos da Deputación de Lugo**.**

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigos 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención de un resultado, distinto de unha obra ou unha subministración.

É susceptible de recurso especial en materia de contratación, dado que o valor estimado supera os 100.000 euros. É un contrato suxeito a regulación harmonizada.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre

competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 131 da LCSP.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, e dado que a natureza do contrato o permite, polas diferentes actuacións que van ser obxecto de control de calidade, esta contratación divídese en lotes, segundo se precisa a continuación:

Lote 1. Unidade de proxectos: control de calidade das obras e actuacións da Deputación De Lugo, a excepción das dependentes do Servizo de Vías e Obras e do Parque Móbil.

Lote 2. Vías e Obras: Control de calidade das obras e servizos dirixidos desde o Servizo De Vías e Obras.

Lote 3. Parque Móbil: Control de calidade relativo ás prestacións necesarias para executar por administración desde o Servizo de Parque Móbil da Deputación de Lugo.

O orzamento base de licitación para cada lote é:

Lote 1. Unidade de Proxectos: 73.514,19 euros máis 15.437,98 euros de IVE (21%), total: 88.952,17 euros, IVE incluído.

Lote 2. Vías e Obras: 110.601,00 euros máis 23.226,21 euros de IVE (21%), total: 133.827,21 euros, IVE incluído.

Lote 3. Parque Móbil: 9.226,86 euros máis 1.937,64 de IVE (21%), total: 11.164,50 euros, IVE incluído.

TOTAL: 193.342,05 euros máis 40.601,83 de IVE (21%), total: 233.943,88 euros, IVE incluído.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, financiaranse de acordo as seguintes anualidades:

Nº DE LOTE	APLICACIÓNS	ANOS	IMPORTES
LOTE 1 (88.952,17 €)	9200.22706	Ano 2019	14.825,36
		Ano 2020	74.126,81
LOTE 2 (133.827,21 €)	4500.22706	Ano 2019	22.304,54
		Ano 2020	111.522,67
LOTE 3 (11.164,50 €)	9201.22706	Ano 2019	1.860,75
		Ano 2020	9.303,75

Existe consignación nas aplicacións orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2019, pola cantidade de 38.990,65 €, para a anualidade 2019.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 194.953,23 €, nas aplicacións que se indican.

Nos Pregos de Prescricións Técnicas reitores de cada un dos lotes inclúese xustificación de prezos, no que se recolle que a valoración foi realizada con base nos prezos actuais de mercado e debúllanse os custos directos, indirectos, beneficio industrial e impostos.

O prezo do contrato/s estará determinado mediante prezos unitarios. Os prezos unitarios máximos de licitación da presente contratación son os que se recollen nos respectivos anexos nº 1 Cadro de prezos (sen IVE), dos Pregos de prescricións técnicas de cada Lote.

As necesidades administrativas, a insuficiencia de medios e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan nos Informes respectivos para cada un dos lotes que conforman esta contratación.

A duración do presente contrato é un ano. Este prazo empezará a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato. As prestacións obxecto do contrato, segundo o previsto no PPT, executaranse neste iter temporal. O contrato poderá prorrogarse de conformidade co disposto no artigo 29 da LCSP. A prórroga non poderá superar un ano.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59, apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente."

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de control de calidade das obras e servizos da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación deste contrato (1 ano), que ascende a 233.943,88 euros, IVE incluído na porcentaxe do 21% por importe de 40.601,83 euros, que se engaden aos 193.342,05 euros de base, de acordo coas seguintes anualidades:

Nº DE LOTE	APLICACIÓNS	ANOS	IMPORTES
LOTE 1 (88.952,17 €)	9200.22706	Ano 2019	14.825,36
		Ano 2020	74.126,81
LOTE 2 (133.827,21 €)	4500.22706	Ano 2019	22.304,54
		Ano 2020	111.522,67
LOTE 3 (11.164,50 €)	9201.22706	Ano 2019	1.860,75
		Ano 2020	9.303,75

Existe consignación nas aplicacións orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2019, pola cantidade de 38.990,65 €, para a anualidade 2019.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 194.953,23 €, nas aplicacións que se indican".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DOCE VEHÍCULOS (NOVE COMERCIAIS E TRES TODO CAMIÑO) PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

"Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de doce vehículos (nove comerciais e tres todo camiño) para o parque móbil provincial.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

Recóllese na cláusula 2.2 do PCAP, que “o contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o obxecto a adquisición de produtos.”

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público), xunto co resto de documentación preparatoria e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas o día 06 de marzo do 2019.

Recóllese no PCAP que o contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade prezo, a teor do establecido no artigo 156 da LCSP, excluíndo toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A mesa de contratación reúnese o día 25-03-2019. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, en primeiro lugar, deuse conta, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

Licitadores presentados:

As empresas EUPRAXIA IT SERVICES e IBERICAR GESTOSO S.L., concorren aos dous lotes, mentres que a empresa LUCUSCAR S.L. só concorre ao lote 2.

Tendo en conta que as tres empresas concorrentes presentan as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura dos sobres "A" do lote 1; resultando que as tres empresas concorrentes presentan a documentación mínima requirida no PCAP (Anexo I) debidamente asinada, procédese á apertura dos sobres "B": Descrición dos coches a subministrar/ oferta técnica". Tras un somero análise a mesa de contratación comproba que a proposta presentada pola empresa EUPRAXIA IT SERVICES presenta no referido sobre a oferta económica.

Considerando que na cláusula 14.2.II do PCAP se recolle que "Non poderá incluírse neste sobre información relativa aos criterios de adxudicación. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación sempre que afecte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia.", a Mesa de contratación acorda por unanimidade que por parte do Servizo de Contratación e Fomento se informe sobre se a inclusión do prezo no sobre B se pode considerar causa de exclusión ou non. Polo que se refire ao resto de ofertas, a mesa de contratación acorda remitilas ao Parque Móbil co obxecto de que se emita informe técnico, consonte ao establecido na cláusula 16.2 do PCAP no que se recolle que "No relativo ao sobre B, a Mesa de Contratación solicitará informe técnico (de conformidade co establecido nos artigos 146.2.b, 150.1 e 157.5 da LCSP), co obxecto de verificar que a memoria técnica cumpre o PPT, e xustifica o cumprimento das condicións establecidas no PPT como mínimas No caso de incumprir as determinacións establecidas no PPT, segundo o ditaminado no informe técnico, esa proposición será rexeitada. O resultado desa avaliación será apta ou non apta"

A continuación procédese á apertura dos sobres A do lote 2, resultando que as dúas empresas concorrentes presentan a documentación mínima requirida no PCAP (Anexo I) debidamente asinada, procédese á apertura dos sobres "B": Descrición dos coches a subministrar/ oferta técnica". Tras un somero análise, a mesa de contratación comproba que a proposta presentada pola empresa EUPRAXIA IT SERVICES presenta no referido sobre a oferta económica.

PAPEL DIN A3			D.GARCIA BEST.	PAIPEL-OR,SL	PUBL.DIX. GALEGA	**SISTEMA OF. LUGO**
	Ptos. Max.	**Imp. Max.**	**OFERTA**			
1. OFERTA ECONÓMICA	**15**	**54,45**	43,28	37,51	42,35	**33,21**
			VALORACION			
			11,51	13,28	11,76	**15,00**
PUNTACIÓN TOTAL			D.GARCIA BEST.	PAIPEL-OR,SL	**PUBL.DIX. GALEGA**	SISTEMA OF. LUGO
			VALORACION			
			69,63	71,29	**71,76**	67,87

Rematados os cálculos para a obtención das puntuacións totais, a mesa de contratación, acordou por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1. Admitir a xustificación da oferta anormalmente baixa presentada pola empresa

Sistemas de Oficinas de Lugo,e polo tanto que continúe no procedemento de adxudicación .

2. Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A.	89,39
2-PUBLICIDADE DIXITAL GALEGA, S.L.	86,44
3-PAIPEL-OR, S.L.	82,96
4-DIEGO GARCÍA BESTEIRO	70,50

Requirir a SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A.,para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O día 15 de xullo de 2019, a Presidencia procedeu a requirir a SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A., a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento o día 17 de xullo de 2019.

A mercantil SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A., atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa efectuado do día 31 de xullo de 2019) e posteriormente, e previamente a realizar o servizo de Contratación e Fomento o requerimento de subsanación da documentación, a empresa emendou correctamente as deficiencias da mesma o día 5 de agosto de 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e

resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011,aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a mercantil SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A, aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A, a contratación da subministración de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial de Lugo., por un importe de 49.500,00 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 10.395,00 euros, o que fai un total de 59.895,00 euros.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar a subministración de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial de Lugo, por un prazo de dous anos con estrita suxeición o PCAP e o PPT. A entrada en vigor do contrato será a partir do día seguinte á subscrición das actas de inicio da prestación da subministración, una vez formalizado o contrato e polos seguintes importes ofertados:

- O contido das ofertas e puntuacións neste apartado son as seguintes:

ADXUDICATARIO	PREZO UNITARIO PARA O TIPO DE PAPEL DIN A3
SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A.	Oferta económica: 27,45 €+ 5,76 € en concepto de IVE= 33,21€

ADXUDICATARIO	PREZO UNITARIO PARA O TIPO DE PAPEL DIN A4
SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A.	Oferta económica: 14,75 € + 3,10 € en concepto de IVE= 17,85€

Prezo unitario enténdese por caixa de cartón con estraza plastificada contendo 500 follas en 5 paquetes , coas características definidas no PPT.

E atendendo o seguinte desglose por anualidades:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (2 ANOS)	REPARTO POR ANUALIDADES
59.895,00 euros	Anualidade 2019:11.230,31 euros Anualidade 2020:29.947,50 euros Anualidade 2021:18.717,19 euros

3º.- A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 29.947,50 euros e da anualidade 2021 a cantidade de 18.717,19 euros, con cargo á aplicación 9200.22000.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de dous anos, con posibilidade de prorroga por un ano máis (2+1), contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153.3do LCSP,á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación , na forma prevista no artigo 151 do LCSP".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos o Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como as propostas do Sr. Deputado Delegado de Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)", P.K. 22+150 al 25+410. O SAVIÑAO.

Contratista: FEVISA Vías y Obras, SL.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)-Trabada (LU-132)", P.K. 4+220 al 7+220. TRABADA.

Contratista: Explotaciones Gallegas, SL.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)-Pintín-Sarria (LU-633)", P.K. 15+480 al 17+495 y LU-P-5702 "Pedrafita (LU-P-5703)-Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froian", P.K. 0+000 al 2+611. SARRIA.

Contratista: FEVISA Vías y Obras, SL.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P- 1402 “San Martiño da Ribeira (LU-722)- Quindous-Vilaquinte (LU-P-3505)”, P.K. 6+760 al 8+750 y LU-P-1408 “Fonquente (LU-P-1401)- Noceda”. P.K. 0+000 al 2+000. CERVANTES.

Contratista: OVISA VIAS Y OBRAS S.L.U.

11.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Obra: 129 P.O.S.2005. O SAVIÑAO.- C.P. “De Torno a Gorgozo”, ensanche e mellora do P.Q. 0,900 ao 2,000.

Por mor da documentación aportada da finca nº 1 y 2, procede modificar a titularidade da finca no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
1	Antonio Losada Somoza	Esther y Luis Losada Noguerol
2	Antonio Losada Somoza	Esther y Luis Losada Noguerol

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS

DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Area de Deportes do seguinte teor:

"Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 09 de novembro de 2018, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.095, do xoves 26 de abril de 2018, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Categoria	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCION
Actividade competitiva 2018	PADEL CLUB RIBADEO	PÁDEL	853
Organización de eventos deportivos 2018	PEÑA DE ARBITROS 9,15	TORNEO NACIONAL DE FÚTBOL SETE	1851
Organización de eventos deportivos 2018	CLUB SAMOS FUTBOL SALA	TORNEO FÚTBOL SALA SAMOS	850
Actividade competitiva federada 2018	CLUB DEPORTIVO RUGBY RIBADEO	RUGBY	1868
Actividade competitiva federada 2018	AGRUPACION DEPORTIVA A GANDARA	ATLETISMO	1500
Actividade competitiva federada 2018	AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS A CANTEIRA	FUTBOL	773
Actividade competitiva federada 2018	ASOC DEPORTIVA BICICLISTAS GALEGOS	CICLISMO	886
Organización de eventos deportivos 2018	CLUB MEDELA MTB.	RUTA MEDELA MTB	809
Organización de eventos deportivos 2018	CLUB DEPORTIVO RUGBY RIBADEO	CONCENTRACIÓN DE ESCUELAS DE RUGBY "AS CATEDRAIS"	1495

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"A Excma. Deputación Provincial é membro da Fundación Galicia Obra Social, que ten como fins a realización de actuacións relativas á mellora do tecido produtivo galego, ó desenvolvemento tecnolóxico e á investigación, á formación profesional e empresarial e á actividade emprendedora, ó fomento do emprego e á educación en todos os niveis, ós servizos de asistencia social e sociosanitarios, á integración de colectivos marxinais e en risco de exclusión, ó apoio á cultura e ó deporte base, á inversión en benestar e cohesión social e á actividade de Monte de Piedade.

Resultando que o artigo 14 dos Estatutos da Fundación Galicia Obra Social, referido á designación e substitución dos seus membros, sinala que esta Excma. Deputación designará un representante na dita Fundación.

Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Nomear a don José Luís Lolo Celeiro como representante desta Excma. Deputación na Fundación Galicia Obra Social".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN/INCORPORACIÓN DE ATS Á LISTAXE VIXENTE.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Visto que a incorporación dun ATS polo período de 2 meses dende xullo a setembro, realizada dende a Sección de Benestar Social e Igualdade con data 1 de xullo de 2019, motivada pola necesidade inaprazable de atender aos centros de atención a Persoas Maiores de Trabada, Pol e Ribadeo debido aos ingresos previstos para ditos meses non puido realizarse polo rexeitamento dos tres aspirantes que figuran dispoñibles na listaxe de emprego temporal aprobada por Resolución da Presidencia de data 28 de marzo de 2019.

Vista que con data 31 de xullo de 2019 se reitera dende á Sección de Benestar Social e Igualdade a necesidade de dispoñer de efectivos na listaxe de emprego temporal de ATS para dar cobertura as necesidades do "Programa de prestación compartida de servizos no Centro de atención a persoas maiores, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación" e poder realizar novos chamamentos.

Considerando a necesidade de contar cunha listaxe para incorporacións temporais de ATS, para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo de titulación cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19. Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogado para o ano 2019, en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno a normativa legal e regulamentaria aplicable, proponse a Xunta de Goberno a adaptación do seguinte acordo:

1º.- Convocar un novo proceso selectivo de ATS para constituír/incluír na listaxe de ATS, mediante o sistema de concurso-oposición.

2º.- Que as bases que rexan a convocatoria sexan as seguintes:

Bases xerais aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 4 de decembro de 2015, publicadas no BOP número 289 de data 17 de decembro de 2015.

Bases específicas, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 16 de novembro de 2018, publicadas no BOP 269 de 23 de novembro de 2018.

3º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas.

4º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE DON FERNANDO PLANAS ROCA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DESPOIS DE CUMPRIR A IDADE ORDINARIA DE XUBILACIÓN.

Logo de ver a proposta da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

"Visto que o pasado 29 de maio do 2019, D. Fernando Planas Roca, nacido o 30 de agosto de 1954, funcionario de carreira desta Entidade, que desempeña o posto de traballo de Xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo, que presta servizos na Entidade dende o día 1 de abril de 1993; presentou un escrito no Rexistro Xeral, no que solicita a prórroga na situación de servizo activo, por un ano, despois do 30 de agosto de 2019, data na que lle correspondería a xubilación ordinaria, conforme á normativa do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

"Anexo V

Xubilacion do Persoal Funcionario e Laboral

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada."

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o prevido no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta,

deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Logo de efectuar un estudo da situación organizativa, constátase que as alegacións que formula o funcionario solicitante non son cualitativamente significativas pois, contrariamente ao que indica, mantense o número de efectivos de carácter técnico cos que conta o Servizo de Vías e Obras nos últimos anos e as necesidades que poidan xurdir nos próximos anos poden ser obxecto de recrutamento de novos efectivos, na medida en que resulten necesarios, acudindo aos mecanismos previstos na vixente normativa de función pública, sen por elo dificultar ou impedir o obxectivo do goberno da Entidade de facilitar os procesos de relevo xeracional que contribúa ao imprescindible rexuvenecemento do cadro de persoal para a mellora do funcionamento da organización.

As funcións a desempeñar polo titular da Xefatura do Servizo poden ser cubertas polos técnicos do Servizo co nivel de cualificación do solicitante, acudindo aos mecanismos de provisión que recolle o regulamento da Entidade e a normativa de provisión de postos de función pública sen que se alberguen evidencias de maior dificultade que obstaculicen a intención organizativa

prevista, ao igual que noutros procesos de relevo que se producirán noutros Servizos como consecuencia da xubilación doutros efectivos.

Tomando en consideración que, segundo se desprende do informe de vida laboral, expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social, que o interesado acompaña coa solicitude, non se presentan circunstancias de déficit de carreira de cotización do citado funcionario que abran paso ás previsións e compromisos recollidos de obrigada prolongación da permanencia no servizo activo despois da idade ordinaria de xubilación, conforme ao Anexo V do xa citado Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, de 14 de novembro de 2013, en materia de xubilación, xa que non sufrirá mingua na súa prestación de xubilación da Seguridade Social, xa que alcanzará a pensión máxima.

Tendo en conta que, segundo consta no expediente, no que fai referencia á avaliación do desempeño deste funcionario, nos períodos comprendidos entre o ano 2012 e o 2018, último avaliado, a súa cualificación está dentro dunha puntuación media (MS e SUP); e no que se refire aos rexistros de control de presencia e xornada, apenas ten realizado horas adicionais ás da xornada obrigatoria anual no período comprendido entre xuño de 2018 e xuño de 2019; dato de xornada que desminte o argumento de escaseza de medios humanos para o desenvolvemento das funcións do Servizo de Vías e Obras, xa que de existir, faría necesario a prolongación de xornada, que, neste caso, non se constata.

Con data do 1 de agosto de 2019, a Deputada Delegada de Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo formula proposta para que a Xunta de Goberno adopte unha resolución sobre a solicitude formulada por D. Fernando Planas Roca.

Con data 2 de agosto do 2019, notifícaselle ao indicado funcionario o contido da proposta desestimatoria da súa solicitude a fin de que no prazo de 5 días formule alegacións, de estimalo oportuno.

Tendo en conta que, dentro do indicado prazo, o interesado non realiza ningunha alegación, dáse continuidade ao procedemento e elevase como definitiva a citada proposta a fin de que se adopte o correspondente acordo pola Xunta de Goberno.

Á vista de canto antecede, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, de considerarse oportuno, proponse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a pretensión do funcionario de carreira D. Fernando Planas Roca, de prolongar a permanencia no servizo activo, despois do cumprimento da idade regulamentaria de xubilación; e tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa con efectividade do 30 de agosto de 2019".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- CONTA DO INFORME INTERPRETATIVO, DA SECRETARÍA XERAL, DE CERTOS ARTIGOS DO VIXENTE REGULAMENTO ORGÁNICO.

Logo de ver a proposta da Secretaría Xeral do seguinte teor:

"Constituida a nova Corporación, esta secretaría considera necesario fixar, dada a confusa redacción de determinados artigos, nomeadamente, os artigos 97,101 e 112, o criterio de interprentación dos mesmos, fixando por escrito o mesmo para información dos señores/as Deputados/as, coa finalidade de superar e prevenir conflictos de interpretación no seo das sesións, dado que isto podería conlevar innecesarias confrontacións verbais.

Con idependencia dunha revisión máis completa do Regulamento Orgánico vixente, considero necesario fixar estes criterios en relación cos seguintes artigos:

Capítulo II

Réxime De Sesións.

Sección 1ª. - Sesións do Pleno

Artigo 97

Soamente se poderán tratar asuntos non incluídos na orde do día da convocatoria nas sesións ordinarias, logo da declaración de urxencia polo Pleno da Corporación como requisito indispensable para a validez de acordos que se adopten, unha vez despachados os asuntos incluídos na orde do día da sesión e antes do punto "Rogos e preguntas regulamentariamente formulados".

Non obstante o disposto no apartado anterior, poderán tratarse asuntos protocolarios e de mero trámite sempre que así se acorde por unanimidade dos membros presentes que representen, en todo caso, a maioría absoluta legal.

(...)

Sección 2ª. - Sesións da Xunta de Goberno

Artigo 101

É analoxicamente aplicable ás sesións da Xunta de Goberno o disposto neste Regulamento sobre sesións do Pleno, coas acomodacións oportunas e en tanto non se opoñan ao previsto neste Regulamento para as sesións deste órgano.

As sesións da Xunta de Goberno non son públicas. Non obstante, poderán asistir a elas, sen voz nin voto, os membros da Corporación non pertencentes á mesmo, logo da invitación de Presidencia en razón á índole dos asuntos ou outras circunstancias, así como os funcionarios que estime conveniente o secretario para tomar notas ou os que requira a Presidencia para informar e asesorar sobre asuntos concretos, ademais do interventor.

O extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno, redactados polo secretario, publicaranse coa súa sinatura e o visto e prace do presidente/a no taboleiro de anuncios do Pazo Provincial.

Capítulo IV

Desenvolvemento das sesións

Artigo 112

Os Grupos Provinciais ou os deputados teñen dereito a presentar emendas de adición, supresión ou modificación aos ditames ou propostas de acordo, sempre que o fagan por escrito cun día de antelación ao da celebración da sesión correspondente. Poderán, así mesmo, presentar no mesmo prazo textos alternativos, sempre que na súa parte expositiva se conteña a pertinente motivación.

Emenda.- É a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao presidente/a antes de iniciarse a deliberación do asunto.

Cando se presenten emendas, estas serán discutidas e votadas antes que o ditame ou proposición.

Posición ordinamental dos Regulametos Orgánicos Locais e que fundamenta o criterio interpretativo que se mantén.

A potestade de autoorganización recoñecida polos artigos 4 e 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases sobre o réxime local, así como nos artigo 6 e 59 da Lei 5/1987, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, constitúe probablemente a expresión máis xenuína, o cerne mesmo da autonomía local, conformando un espazo de actuación á disposición do municipio ou da provincia

A autonomía local constitucionalmente garantizada supón, pois, o recoñecemento de poder dotarse dunha organización propia. Esta potestade está recoñecida con carácter amplo na Lei 7/1985, que a enumera, como víamos antes, xunto coa potestade regulamentaria, contemplándose os Regulamentos Orgánicos como normas municipais propias que, no marco da organización necesaria fixada heteronomamente pola Lei básica estatal de réxime local e pola lexislación de

desenvolvemento de ámbito autonómico, determinan ou establecen a organización especifica do municipio.

Esta potestade provincial de autorganización vaise manifestar en dous aspectos moi relevantes: a posibilidade de crear órganos complementarios e de ordenar o seu funcionamento, así como de completar as normas de funcionamento fixadas polo lexislador básico estatal e polo autonómico de desenvolvemento, coas limitacións que se establecen polo artigo 20.3 da Lei 7/1985:

"Los propios municipios, en los Reglamentos Orgánicos, podrán establecer y regular otros órganos complementarios, de conformidad con lo previsto en este artículo y en las Leyes de las Comunidades Autónomas a las que se refiere el número anterior.

A auto-organización e a potestade normativa constitúen, sen dúbida, un dos trazos definitorios da autonomía local, e así se recoñece no art. 4º da LRBRL, ao dispoñer que:

“Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios, as provincias e as illas: a) As potestades reglamentaria e de auto organización “ (...)

Trátase dunha potestade normativa de rango regulamentario, que proxectada a nivel auto organizativo ten a súa tradución nos chamados Regulamentos Orgánicos (tamén denominados polo art. 75.7º da LRBRL como «Estatutos municipais»). Polo seu carácter orgánico e atendendo a súa relevancia na organización e funcionamento das Corporacións locais, pois non se pode considerar unha norma regulamentaria máis; así establécese a necesidade de que a súa aprobación e modificación débase efectuar co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Para o STSX de Galicia de 4 de maio de 2006 (ponente: Trillo Alonso, Juan Carlos), a raíz da impugnación dun precepto dun ROM que declaraba de aplicación preferente para os supostos de colisión entre devandita norma e o ROF logo de recordar a doutrina sentada na STC 214/1989, de 21 de decembro (ponente: Mozos e dos Mozos, José Luís dos), conforme á cal:

"Non cabe descoñecer a subordinación de devanditos regulamentos orgánicos ás normas con carácter de Lei do Estado e Comunidades Autónomas, senón que a súa eficacia con relación á normativa meramente reglamentaria emanada dos mesmos non pode describirse en términos de primacía ou subordinación, senón que partindo do modelo organizativo común delineado para as Entidades Locais pola normativa estatal, é innegable a facultade de que gozan estas últimas para dotarse dunha organización complementaria, como consecuencia da súa capacidade de autogobierno, que desenvolvendo o modelo antedito permítalles engadir, ata, novas regras que aclaren, desenvolvan e completen o modelo deseñado, aínda que sen alteralo nin contradicilo".

E aplicando esta doutrina, entende o TSX de Galicia na sentenza referida que a impugnación de devandito precepto debe ser desestimada, argumentando que:

"Sen dúbida os regulamentos organizativos das Corporacións Locais están subordinados á lexislación estatal, revista ou non carácter básico, así como á lexislación emanada das Comunidades Autónomas e, en consecuencia, tamén están subordinadas ás disposicións reglamentarias que recollan a normativa lexislativa de mención, pero cando a disposición regulamentaria de desenvolvemento non é reprodución das disposicións legais esa subordinación creba e aparece como prevalente a disposición reglamentaria local".

Criterios interpretativos desta Secretaría

- En relación ao artigo 97:

A redacción actual é confusa ata o punto que da súa literalidade poidera entender que a declaración de urxencia nas sesión ordinarias de asuntos non incluídos na orde do día podería ser acordada por maioría simple, dado que somentes parece esixirse maioría cualificada para "…asuntos protocolarios e de mero trámite…".

Na súa redacción actual o artigo 97 resulta abertamente ao artigo 213 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e ao artigo 83 do ROF que remite ao 47.2 da Lei

7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O citado artigo 213, esixe que a declaración de urxencia sexa acordada pola maioría absoluta legal dos señores/as deputados/as

Así as cousas, é criterio interpretativo desta secretaría que, nas sesión ordinarias, a declaración de urxencia de asuntos non incluídos na orde do día esixe, en todo caso, que sexa aprobado pola maioría absoluta legal dos membros/as da Corporación.

-En relación ao artigo 101

A redacción actual deste artigo remítese xenericamente ás normas de funcionamento do Pleno. Así, a respecto do prazo que debe mediar entre a convocatoria e a celebración da Xunta de Goberno, podería entenderse que debe ser o de dous días hábiles, fronte ao prazo establecido polo ROF que é de 24 horas.

A aplicación do prazo de dous días hábiles dificulta a conclusión tempestivamente dos distintos expedientes polos servizos xestores dos mesmo.

A actual redacción: “ É analoxicamente aplicable ás sesións da Xunta de Goberno o disposto neste Regulamento sobre sesións do Pleno, coas acomodacións oportunas e en tanto non se opoñan ao previsto neste Regulamento para as sesións deste órgano”; non establece un prazo concreto para a convocatoria da Xunta de Goberno, limítase a unha remisión xenérica, por analoxía, ao disposto para as sesións do pleno .

Esta secretaria entende, e así o interpreta, que para as convocatorias da Xunta de Goberno a convocatoria pode realizarse no prazo das vintecatro horas anteriores á da celebración da sesión, por aplicación do artigo 113.1.a) do ROF.

-En relación ao artigo 112

Volvemos a estar diante dunha redacción confusa e incluso contradictoria entre a liña primeira e a segunda. Di o RO

"Os Grupos Provinciais ou os deputados teñen dereito a presentar emendas de adición, supresión ou modificación aos ditames ou propostas de acordo, sempre que o fagan por escrito cun día de antelación ao da celebración da sesión correspondente. Poderán, así mesmo, presentar no mesmo prazo textos alternativos, sempre que na súa parte expositiva se conteña a pertinente motivación.

Emenda.- É a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao presidente/a antes de iniciarse a deliberación do asunto.

Estamos pois diante de dous prazos distintos para a presentación de emendas. Asunto que non é baladí, dado que afecta ao dereito dos señores/as deputados/as a presentar emendas.

A análise do texto do artigo lévanos necesariamente a distinguir a distinta finalidade de ámbolos dous parágrafos e, como consecuencia desta distinción, determinar cal resulta verdadeiramente de natureza normativa e polo tanto regulatoria do procedemento de presentación de emendas é cal carece desta cualidade, sendo meramente definitorio do concepto de emenda.

Desde esta perspectiva, esta secretaría entende e así o interpreta, que o parágrafo normativo é o primeiro, resultando meramente descritivo ou definitorio das emendas o segundo.

Así as cousas, esta secretaría interpreta que as emendas deben ser presentadas cun día de antelación ao da celebración da sesión, computándose tal prazo na forma prevista na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Con fundamento en todo o exposto, proponse ao Sr. Presidente que someta este informe á consideración da Xunta de Goberno e, posteriormente, se remita aos señores deputados/as.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a outro criterio mellor fundado".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da Sentenza nº 210/2019 de 15 de xullo ditada polo Xulgado de Instrución nº 2 de Lugo, sobre delito leve de furto fronte a D. David Montoya Ventos e D. Matías Montoya Bentos, sendo denunciante D. Miguel Ángel Fernández López e prexudicada esta Deputación Provincial; e en cuxo fallo di o seguinte: *"Condenar a Davil Montoya Ventos e Matias Montoya Bentos, como autores criminalmente responsables cada un deles, dun delito leve de furto previsto e penado no artigo 234.2 do Código Penal, non concorrendo circunstancias modificativas da responsabilidade criminal á pena de 45 días de multa cunha cota diaria de catro euros, que fan unha pena total de 180 euros(s.e.u.o) de multa. E cunha responsabilidade subsidiaria en caso de impago dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas impagadas que supoñen un total de 22 días de privación de liberdade, reducibles proporcionalmente en caso de icumprimento parcial".* A Xunta de Goberno queda enterada.

A S U N T O S D E U R X E N C I A

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta en relación co Lote 5 (Concellos de A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna) deserto na licitación do servicio para a execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial 2019-2021 . Lotes 1-8.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"A vista do informe da Presidenta da Mesa de contratación, no que entre outros consta:

"Celebrada mesa de contratación no día de hoxe, ás 9.30 horas, no salón Verde da Deputación de Lugo, co seguinte orde do día:

"Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021 . Lotes 1-8.

a) Dación de conta dos informes do Rexistro Xeral e do Servizo de Contratación e Fomento no que constan as empresas presentadas, e a súa data de presentación, que se se presentan á licitación.

b) Apertura e valoración do sobre "A", documentación administrativa, e, no seu caso, apertura do sobre "B", oferta económica"

Dona Margarita Tarrío Álvarez, Presidenta da mesa, e Xefa da Sección I de Contratación Xeral, do Servizo de Contratación e Fomento, informa que:

Unha vez revisada a documentación presentada polos licitadores aos distintos lotes que compoñen o servizo para a execución de operación de conservación na Rede Viaria Provincial 2019-2021, obsérvase que non se preseentou ningunha oferta ao identificado como Lote 5 (Concellos de A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna), quedando polo tanto deserta dita licitación.

O Contrato vixente, que da cobertura ás incidencias producidas na RVP que discorre por estes concellos remata o 20 de outubro de 2019, quedando a partires de entonces sen empresa que preste o servizo ante calquera incidencia.

O que se comunica ao órgano de contratación a fin de que teña coñecemento de tal circunstancia e situación e en aras tomar as medidas que consideren".

Á vista do anterior, proponse a Xunta de Goberno, que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserto o Lote 5 (Concellos de A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna), da licitación do Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021. Lotes 1-8.

2º.- Dar traslado ao Servizo de Vías e Obras, para que inicie, coa maior celeridade, os trámites encamiñados á contratación do Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021, Lote 5 (Concellos de A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna), á vista de que o contrato vixente deste servizo remata o 20 de outubro de 2019 e tendo en conta a proximidade das épocas de maior incidencia deste servizo, dadas as inclemencias meteorolóxicas nesta zona de montaña.

3º.- Que se adopten as medidas administrativas e de contratación necesarias para o mantemento do servizo tendo en conta que o contrato vixente finaliza o 20 de outubro de 2019.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.